



CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ENTIDADE, FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DA

En Santiago de Compostela,

Dunha parte, don **José Ramón Lete Lasa**, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, ao amparo do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, don **Mario Manuel Muzas Cobo**, con DNI, 50420454S, actuando en representación da entidade, **Federación Galega de Judo e DA**, con NIF, G15109267 segundo consta na declaración de identificación e na documentación e acreditación que forman parte do expediente de contratación.

Ambas partes contratantes, con capacidade legal para obrigarse por medio do presente contrato,

DECLARAN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúen á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Secretaría Xeral para o Deporte está interesada en difundir, potenciar e promover a imaxe da Xunta de Galicia a través da súa propia imaxe e das políticas deportivas que desenvolve. O patrocinio publicitario é a fórmula mais idónea para alcanzar este obxectivo debido á importancia do deporte como fenómeno social e económico de gran dimensión, cunha gran capacidade de mobilización, especialmente pola influencia dos medios de comunicación.





Para a entidade, **Federación Galega de Judo e DA**, a organización do evento deportivo/actividade patrocinado pola Comunidade Autónoma é relevante xa que supón unha das mellores ferramentas das que dispoñen os promotores para fomentar a súa modalidade deportiva e, como consecuencia, incrementar o número de seguidores e practicantes.

A Entidade, **Federación Galega de Judo e DA**, está interesada en colaborar na campaña de promoción da imaxe da Secretaría Xeral para o Deporte e dos distintos proxectos que se atopan dentro das súas políticas deportivas, e a tal fin, ambas entidades negociarán os termos de colaboración publicitaria e as súas conseguíntes prestacións económicas.

O contrato de patrocinio é un contrato privado por razón do seu obxecto definido no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade como "o contrato polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou de outra índole, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador".

A preparación e adxudicación deste contrato rexeráse pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no referente aos seus efectos, modificación e extinción rexeráse polo dereito privado.

Por todo o exposto anteriormente, ambas partes contratantes, recoñecéndose mutuamente plena capacidade para o outorgamento deste documento, conveñen subscribir o presente contrato de patrocinio deportivo con suxeición as seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto o patrocinio publicitario pola Secretaría Xeral para o Deporte do evento/actividade, **Stage de Tecnificación de Judo**, que se celebrará no Concello da Coruña do 8 ao 12 de setembro de 2025, no que participa a entidade, **Federación Galega de Judo e DA**, e que a cambio do importe económico previsto no presente contrato, comprométese a colaborar na publicidade e promoción estratéxica e institucional da Xunta de Galicia a través da imaxe da Secretaría Xeral para o Deporte e dos distintos proxectos que se atopan dentro das súas políticas deportivas.





SEGUNDA: OBRIGAS PUBLICITARIAS DO PATROCINADO

O Patrocinado incorporará a imaxe corporativa establecida pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a imaxe "Deporte Galego" no evento/actividade deportivo/a patrocinado/a nos soportes reflectidos na proposta publicitaria presentada e que servirá como anexo a este contrato.

Promocións en prensa escrita e nos soportes de difusión tecnolóxica e en televisión ou programas de radio de producirse estas.

TERCEIRA: OUTRAS OBRIGAS DO PATROCINADO

A entidade patrocinada deberá:

- Comunicar á Secretaría Xeral para o Deporte, calquera eventualidade significativa que poida afectar á programación, desenvolvemento, financiamento e finalización das actividades obxecto do patrocinio. Ademais, deberá comunicar ditos cambios, cando sexan relevantes, aos medios de comunicación.
- Informar á Secretaría Xeral para o Deporte dos restantes patrocinios que se subscriban para a celebración do evento.
- Destinar os fondos percibidos ao desenvolvemento de actuacións claramente relacionadas co evento/actividade.
- Publicitar a súa condición de patrocinado en toda a publicidade gráfica que se edite así como no escenario do evento/actividade, facendo constar, de forma clara e visible os logotipos e símbolos institucionais da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Informar e invitar á Secretaría Xeral para o Deporte para participar, como entidade patrocinadora, nas presentacións do evento/actividade patrocinado/a.
- Recoñecer o dereito da Secretaría Xeral para o Deporte a explotar publicitariamente as imaxes do evento/actividade para o cal o/a patrocinado/a obrígase a incluír no documento de inscrición unha cláusula na que se indique que a sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.





- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos anos seguintes.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Secretaría Xeral para o Deporte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.
- Cumprir durante o período de vixencia da relación contractual as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación a todo o persoal laboral contratado.
- Contar con todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización do evento/actividade.
- No caso, de que o obxecto do patrocinio sexa a organización dun evento/actividade, contemplar o respecto ao medio durante todo o evento/actividade, atendendo como mínimo os seguintes requisitos:
 1. Designar a un responsable medioambiental da proba
 2. Establecer zonas de reciclaxe en saídas, chegadas, avituallamentos, etc.
- Contar cos seguros de responsabilidade civil e asistencia sanitaria esixibles de acordo cos artigos, 22 e 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e a Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o Patrocinado actuará con suxeición a esta no que se refire a obriga de subministrar a información que se lle requira so pena de aplicación da multa correspondente no caso de incumprimento.
- O patrocinado deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

Considerase confidencial toda información que sexa aportada pola Secretaría Xeral para o Deporte, ben sexa en soporte magnético ou en documentos escritos ou incluso verbalmente, salvo que a mesma fora coñecida previamente ou fora sido divulgada publicamente, ben con anterioridade á recepción da mesma ou posteriormente a esta. O/A patrocinado/a non poderá proporcionar a terceiros dato algún dos traballos contratados



nin publicar o contido dos mesmos sen autorización escrita da Secretaría Xeral para o Deporte.

O patrocinado comprométese a someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos durante a execución do contrato.

- No caso, de que o obxecto do patrocinio sexa a organización dun evento/actividade, A teor da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o patrocinado obrígase a elaborar un regulamento de categorías competitivas e premios, con suxeición as disposicións legais vixentes do mencionado Decreto legislativo, tendo en consideración os seguintes requisitos:

1. As competicións deben organizarse en categorías en función da idade e do sexo. Non pode haber categoría única argumentando desproporcionalidade numérica nin doutra orde por razón de xénero.

Non obstante o anterior, naquelas modalidades ou especialidades deportivas nas que as competicións oficiais se celebren nunha soa categoría ou nas que os campionatos contemplan a única participación dun xénero, non se esixirá ter mais dunha categoría.

2. Os premios, trofeos ou recoñecementos deben responder aos principios de neutralidade e igualdade sen facer distincións entre as categorías feminina e masculina.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola entidade, **Federación Galega de Judo e DA**, durante todo o período de execución do contrato, finalizado o cal procederá o pago por parte da Secretaria Xeral para o Deporte da cantidade sinalada na cláusula cuarta.

Toda a publicidade estática, material impreso, publicidade en redes sociais ou soportes tecnolóxicos, elemento ou activo serán producidos pola Entidade, sendo pola súa conta os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

CUARTA: OBRIGAS DA SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

En contraprestación ás obrigas asumidas pola entidade, **Federación Galega de Judo e DA**, a Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento de, **dous mil catrocentos setenta e nove euros con trinta e catro céntimos (2.479,34 €) IVE excluído**, resultando un total de, **tres mil euros (3.000,00 €) IVE incluído**, con cargo á aplicación orzamentaria, 05.02.441A.640.0, dos orzamentos da Secretaría Xeral para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar.
15781 Santiago de Compostela
xestion.deporte@xunta.gal



Enténdese comprendido nesta cantidade o importe de **cincocentos vinte euros con sesenta e seis céntimos (520,66 €)** do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), que corresponde ao 21% do orzamento de licitación sen IVE, de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

O pagamento farase efectivo unha vez finalizado o evento/actividade e previa xustificación da realización do mesmo mediante a memoria correspondente na que se poida comprobar a presenza da imaxe da Secretaría Xeral para o Deporte e a presentación da factura e os certificados de estar ao corrente e o xustificante da póliza do seguro.

QUINTA: VIXENCIA DO CONTRATO

A vixencia do contrato comprenderá dende a sinatura do mesmo ata o día de finalización do evento/actividade, segundo se establece na cláusula PRIMEIRA do contrato.

SEXTA: EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE

En ningún caso alcanzará a Secretaría Xeral para o Deporte ningunha responsabilidade principal ou subsidiaria respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que poidan ser impostas a entidade, **Federación Galega de Judo e DA**

SÉTIMA: MODIFICACIÓN DO CONTRATO

As causas polas que se pode modificar o presente contrato son:

1. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

A devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas. Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsión dos orzamentos aprobados. Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

1. Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
2. Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.





3. Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
4. Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20% do prezo inicial do contrato.

OITAVA: RESOLUCIÓN DO CONTRATO

As causas de resolución do contrato son:

1. Incumprimento das obrigas derivadas do contrato
2. Inclusión do patrocinado nun acto que dane a imaxe do patrocinador
3. O incumprimento, por parte do patrocinado, das normas en materia de loita antidopaxe así como en materia de loita contra a violencia no deporte.
4. A vulneración da normativa en vigor para a celebración do evento, incluída a de espectáculos públicos e actividades recreativas, de publicidade e de protección do menor.

No caso de que se coñeza algunha destas causas con posterioridade ao pago por parte da Secretaria Xeral do importe establecido na cláusula cuarta, a entidade patrocinada procederá ao reintegro dos fondos percibidos.

Cando a resolución se produza por mutuo acordo, non se xerará dereito de indemnización ningún.

O incumprimento por parte da Administración das obrigacións do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pago dos danos e prexuízos que por tal causa se irroguen ao contratista.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do patrocinado deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados.

En todo caso se dará audiencia ao patrocinado con carácter previo ao acordo de resolución.



NOVENA: LEXISLACIÓN APLICABLE

Este contrato rexeráse en canto a súa preparación e adxudicación pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en canto aos seus efectos, modificación e extinción polo dereito privado en concreto pola Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

Así mesmo será de aplicación a normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

DÉCIMA: XURISDICIÓN COMPETENTE

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

Pola Administración
O secretario xeral para o Deporte
José Ramón Lete Lasa

Pola Entidade
Presidente
Mario Manuel Muzas Cobo

ANEXO I

- Cumprimento de todas e cada unha das obrigas establecidas na cláusula segunda deste contrato.
- Publicitar a súa condición de patrocinado deste proxecto en toda a publicidade gráfica que se edite así como no escenario do evento/actividade, facendo constar, de forma clara e visible os logotipos e símbolos institucionais da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Deixar constancia deste patrocinio nas entrevistas e emisións dos distintos medios nos que se publicite.
- Informar e invitar á Secretaría Xeral para o Deporte para participar, como entidade patrocinadora, nas presentacións do evento/actividade patrocinado/a.

